

A PAZ PERPETUA
de Juan Mayorga

Traducción de Xosé Manuel Pazos. Edit. GALAXIA

Adaptación de Spasmo 2012-13

Spasmo 2012-2013

GrupodteatrodoSantalrene

A obra foi estreada o xoves 30 de maio de 2013 co seguinte reparto “dobre”:

Sara Loureiro Araújo
e **Rocío Castillo Pérez**, como CASIUS

Alba Rivas Pérez
e **Irene Maldonado Martínez**, como ODÍN

Kevin Castro Rodríguez
e **Antía González Cartea**, como JOHN-JOHN

Marta Couto González
e **Andrea Vila Almuiña**, como ENMANUEL

Desi Pazó González,
Paloma Molinos Castillo
e **Jeremías Szücs Massaferrro**, como HUMANOS

Spasmo 2012-2013

GrupodteatrodoSantalrene

A PAZ PERPETUA, de Juan Mayorga

Recinto pechado con dúas portas. Odín, Enmanuel e John John dormen. Enmanuel ten unha cicatriz; John John leva postos uns auriculares. Odín esperta con dor de cabeza. Non sabe onde está, quen son os outros. Guiado polo seu olfacto, procura auga, atópaa, chéiraa, bebe. Observa os outros, que aínda dormen. Examina o recinto.

Enmanuel esperta. Non sabe onde está, quen son os outros.

ENMANUEL.- ¿Pódesme axudar, amigo? Estou doente.

ODÍN.- Nin eu son amigo teu nin ti estás doente.

ENMANUEL.- Alguén me deu de beber e despois... Non lembro nada... ¿Onde estou?

ODIN.- Bótalle un grolo, virache ben. É boa. O mareo, o amargor na boca, o frío na barriga, hanche pasar correndo. Drogáronnos.

ENMANUEL.- ¿O que?

ODÍN.- Non queren que saibas onde estás, nin como se chega ata aquí. É lóxico.

ENMANUEL.- ¿Que é lóxico? ¿Que nos droguen?

ODÍN.- É lóxico, se queres traballar para eles.

Enmanuel bebe auga. Empeza a se atopar mellor

ENMANUEL.- O meu nome é Enmanuel.

Ofrécelle a súa man a Odín, que a ignora.

ODÍN.- Non me lembro de te ter visto no estadio, Enmanuel.

ENMANUEL.- Eramos máis de cen.

ODÍN.- Ao "belo adormecido" (por John-John) si que o recordo. Estaba no grupo C. E ti?

ENMANUEL.- No F

ODIN.- ¿No F? Estás seguro? Non lembro ningún pastor alemán no F.

ENMANUEL.- Non te fixarías ben. (PAUSA)

ODÍN.- ¿Que tempo fixeches na Carreira de obstáculos?

*De súpeto empeza a **soar música**. Enmanuel e mais Odín esperan que pase algo. Non pasa nada.*

ODIN.- Sete e medio. ¿Que tempo marcaches ti?

ENMANUEL.- Non rematei. Tropecei na terceira barreira.

ODIN.- ¿Fuches ti o que tragou a barreira?

ENMANUEL.- Non a vin. Distraínme. O caso é que ía ben, ía de segundo. Podo ser ben rápido se me concentro.

JOHN-JOHN.- Cinco coma corenta e oito.

John-John abre os ollos. Non sabe onde está, quen son os outros.

JOHN-JOHN.- Cinco segundos, corenta e oito centésimas. Co vento en contra.

Nos seus auriculares escoita algo que nós non oímos. Marca o seu territorio.

JOHN-JOHN.- ¿En serio que precisaches de sete segundos e medio? ¿Fixéronte correr cunha pata atada ao lombo?

A música cesa de súpeto. Os tres esperan que pase algunha cousa. Non pasa nada.

JOHN-JOHN.- Mira onde pousas o rabo. E que non ves as marcas?

ODÍN.- ¿Estás a falar diso? ¿Como te atreves a pór marcas na miña zona?

Deitase na zona marcada por John-John.

JOHN-JOHN.- Vou contar tres. E despois vou sacar da miña zona todo o lixo que atope.

Odín tararea a música.

JOHN-JOHN.- Unha. Dúas. Tres.

Regaña os dentes. Odín amósalle os seus, agardando por el. John-John vaille saltar enriba cando se abre unha das portas —chamarémoslle porta A—, pola que aparecen tres SERES HUMANOS.

HUMANO.- Stop!

John-John mira para Odín como aprazando o combate e vai procurar o bonequiño de goma que lle lanza o Humano, devólvello coa boca para que o Humano llo tire outra vez...

O Humano comunicárase con el, o mesmo que cos outros cans, usando sete palabras inglesas: "Go", "Come", "Sit!", "up", "Down", "Now" e "Stop".

O Humano I e mais John-John xogan ata que, tamén pola porta A, entra Casius, coxo e chosco; no seu pescozo hai un vello colar branco.

CASIUS.- ¿Tiveron unha boa viaxe, cabaleiros? ¿Están cómodos? Se precisan algunha cousa, non teñen máis que pedirlla a eles. (*Sinala aos Humanos.*) Eles están aquí para servilos.

JOHN-JOHN.- (*A Odín e Enmanuel.*) Pero se é... ¿Non o recoñecedes? ¿Non sabedes quen é? O gran Casius! Non sabía que estivese vivo.

CASIUS.- Están aquí porque sobresaen do resto dos aspirantes. Tres finalistas e só un colar libre. Un colar coma este. ¿Viran algunha vez un colar de K7?

Odín, Enmanuel e mais John-John admiran o colar branco de Casius.

CASIUS.- John-John, Odín, Enmanuel, os tres aspiran a ter un K7, mais só un pode telo. Só un é o mellor. (PAUSA.) O exame final consta de tres probas.

JOHN-JOHN.- ¿Non oístes? Só hai un colar libre! Eu fun destinado a ese colar desde antes de nacer. Meus pais facían xa este traballo, e os pais de meus pais. ¿Por que non liscades?

CASIUS.- A terceira proba vai consistir nunha entrevista a cada candidato; a segunda é un test psicotécnico; a primeira, que comeza agora, é un exercicio práctico.

Faille un aceno ao Humano III. Este abre un tarro pequeno e failles ulir o seu contido aos tres candidatos. Deseguido, pecha o tarriño.

CASIUS.- Non, non intenten recoñecer ese olor. Este material non está aínda no mercado. En contacto co aire, envelénao. Un só gramo abondaría para matar toda forma de vida nun quilómetro á redonda. Precisamente hai un gramo desa substancia nalgún lugar deste recinto. Entrará en actividade en dez minutos. Quen o atope gañará a proba. Se non o atopa ninguén, perderán todos.

*A un xesto de Casius, o Humano II pon en marcha un cronómetro: tic-tac, tic-tac...
Os tres candidatos olfactean o recinto. John-John apurada, caoticamente;
Enmanuel metodicamente, parcelando o espazo; Odín sen se desprazar, movendo só o
nariz. Ao pouco, eufórico, John-John sinala un punto.
Casius achégase alí, colle algo cunhas pinzas, méteo nunha bolsa,
consulta o seu cronómetro e fai unha anotación nun caderno.
Ao pouco, Odín sinala noutro punto; Casius colle alí algo coas pinzas, méteo noutra bolsa e anótao no
caderno. Ao pouco, **Casius** faille un sinal ao Humano II para que deteña o cronómetro, anota e **sae** do
recinto polo porta A.
Os Humanos refrescan aos cans cunha esponxa. Silencio.*

JOHN-JOHN.- ¿Por que?

ODÍN.- ¿Por que, que?

JOHN-JOHN.- ¿Por que díaños non parou o reloxo cando atopei o obxectivo?

ODÍN.- ¿Sabes o que atopaches? (*Esmendréllase. Xoga coa expectación de John-John.*) Unha mestura de mostaza e fariña, iso é o que atopaches.

JOHN-JOHN.- Non era mostaza. Coñezo o cheiro da mostaza.

ODÍN.- Mostaza con fariña. Tes o rabo na miña zona. Dúas partes de mostaza e unha de fariña. Saca o rabo da miña zona.

*Van pelexar. O Humano I sepáraos botándolles comida. John-John
come de mal humor.*

ODÍN.- Vaiche caer mal se a comes con mala baba. Mírao desde o lado bo. Pudeches morrer. Ata tiveches sorte de que eu estivese aquí.

JOHN-JOHN.- Faltan o psicotécnico e a entrevista. O colar aínda non é teu.

ODÍN.- Aínda non sei se quero ese colar. (*Come.*) Non catara nunca carne coma esta. Creo que me empezo a sentir motivado.

JOHN-JOHN.- Un tipo coma ti non lle pode gustar a Casius. ¿Sabes como foi que perdeu ese ollo? Loitando por algo máis importante có seu estómago.

ODÍN.- Tes razón, non lle podo gustar ao vello. Mais eu atopei o po. Non teño o teu pedigree, son o cruce de cans de palleiro. Pero chámolle ao pan, pan e á mostaza, mostaza.

ENMANUEL.- Ao mellor non había nada que atopar.

JOHN-JOHN.- ¿Como?

ENMANUEL.- Ao mellor era un farol.

ODÍN.- Se non había pos, gañaches ti pechando a boca. Pero resulta que si que había. E atopeinos eu.

ENMANUEL.- Se cadra, si. Mais ao mellor querían avaliar outras cousas. Non o noso olfacto.

JOHN-JOHN.- ¿Ai, si? ¿E que outras cousas podían querer avaliar?

ENMANUEL.- O noso olfacto non é xa tan importante. Lin que en Colombia usan ratos, e en Israel, porcos.

ODÍN.- ¿Porcos?

ENMANUEL.- Polo visto, é máis doado adestralos e saen máis baratos. En todo caso o noso olfacto vai cotizar menos cada día. Lin que os xaponeses inventaron un nariz artificial. .

JOHN-JOHN.- ¿Que máis ían querer avaliar? Dío.

ENMANUEL.- A serenidade diante dunha situación límite. A rapidez de análise dun contexto complexo. A capacidade de observar a outros individuos.

JOHN-JOHN.- ¿Pensas que es moi listo, non?

ENMANUEL.- Non.

JOHN-JOHN.- Os listiños póñenme malo. (*John- John achégase ameazante a Enmanuel.*) Ti coidas que eu non son máis que un saco de músculos sen cerebro, un fortachón gilipollas.

ENMANUEL.- Probablemente esteamos sendo espreitados. ¿Vas facer que te boten por non manteres o control?

John- John renuncia a pegarlle a Enmanuel. Dóelle a cabeza.

ENMANUEL.- ¿Pásache algo? ¿Estás ben?

John- John toma unha pastilla que lle ha aliviar a dor

ODÍN.- (*Ao Humano II.*) Ei, ti, teño máis fame, apurando.

JOHN-JOHN.- Non lle fales dese xeito. Fálalle con respecto.

ODÍN.- Ti non te metas. (*Ao Humano II.*) ¿Estás xordo, ou que? ¿Andarías máis rápido sen pernas? ¿Probamos a romperche as pernas?

JOHN-JOHN.- Como lle toques, mátoe.

Van loitar, pero Odín virase cara a outra porta, a que lle chamaremos porta B. Chéiraa.

ODÍN.- Hai algo aí, ao outro lado. Algo vivo.

John-John pega a súa orella á porta B. Confirma que, ao outro lado, hai algo vivo.

ENMANUEL.- Xa volo dixen: espreítannos. Seguro que hai micrófonos por todas partes. (*Sinalando a un espectador*) ¿Iso non é unha cámara?

*Como se fose unha cámara, Odín dedícalle ao espectador acenos de burla. Interrómpese cando **soa o teléfono** do Humano I, quen recibe instrucións que non oímos.*

***O Humano I ponlle a correa a John-John,** quítalle os auriculares e lévao polo porta A, saen. Odín e mais Enmanuel miran un para o outro, mais disimulan o seu desconcerto. Odín volve á súa comida.*

ODIN.- ¿Ese rapaz, non é un pouco raro? ¿Que caste de can é? Ten orellas de bóxer, mais o seu fociño é de rottweiler. E móvese coma un pit-bull.

ENMANUEL.- E fala coma un dogo.

ODIN.- Si! Fala coma un dogo!

ENMANUEL.- De cada vez sonche máis atrevidos nos cruces.

ODÍN.- Danme grima eses bechos de laboratorio. Non sei onde imos parar.

ENMANUEL.- Andan á procura do can perfecto. O can dez. Levan séculos procurándoo. Lin por algures que os doberman non son naturais.

ODÍN.- ¿Non son naturais? ¿Serán de plástico?

ENMANUEL.- Digamos que non había dobermans na Arca de Noé. Creounos a finais do século XIX un tal Luís Doberman, un garda nocturno, a base de cruzar toda caste de razas.

ODIN.- ¿Luís Doberman? ¿Estás de broma?

ENMANUEL.- Luís Doberman (1845-1881) Andaba á procura do gardián perfecto: a agresividade do pinscher, a resistencia do rottweiler, as queixadas do pointer...

ODIN.- Así que foi mesturando ata dar co perfecto fillodeputa.

ENMANUEL.- E tivo éxito. Matouno un doberman na súa propia casa.

Silencio.

ENMANUEL.- Este sitio é... Non estivera nunca nun sitio así.

ODIN.- Limpo de máis. Non me gusta.

ENMANUEL.- A que cheira?

ODIN.- Fregaron hai tres horas. Botaron desinfectante.

ENMANUEL.- Que hora será?

ODIN.- Non o sei.

Silencio. Volve soar a música de antes, mais para decontado.

ODIN.- ¿Que carallo está a pasar? Gañou el? ¿Ou será que o eliminaron?

ENMANUEL.- ¿Polo da mostaza?

ODIN.- Non era mostaza. Díxeno para fodelo.

Silencio.

ODIN.- E digo eu, ¿que música escoitará ese tipo?

Colle os auriculares de John-John. A Enmanuel no lle parece ben, e menos aínda que os poña. O que escoita polos auriculares asombra a Odín.

ODIN.- ¿Como non lle vai doer a cabeza escoitando esta merda?

Odín pásalle os auriculares a Enmanuel, que se deixa convencer e ponos, mais non os atura nin tres segundos.

ODIN.- Explosión, berros, ambulancias... ese tipo está tolo.

Silencio.

ODIN.- Non, non creo que o botaran. Se ese mozo te é bóxer máis rottweiler máis pitbull máis dogo e por riba está tolo, vai ser difícil gañarlle.

ENMANUEL.- É un rival difícil.

ODIN.- A non ser que ti e mais eu fagamos un pacto. A ese tipo sóbralle músculo, pero entre ti e mais eu imos convencer a ese chaíñas de que este non é sitio para un campión coma el. Que se podería facer de ouro neses concursos para cans maricallos. Ben, non llo dicimos así, pero facemos que se retire e xogamos o colar branco entre ti e mais eu, entre dous cans de verdade. Que me dis?

ENMANUEL.- Que gañe o mellor. Se John-John é o mellor ten que gañar el.

ODÍN.- "Que gañe o mellor", a quen queres enganar? Ah, estabas a falar para a cámara. (*Ao espectador-cámara, parodiando a Enmanuel.*) "Que gañe o mellor. Se John-John é o mellor ten que gañar el". (*A Enmanuel.*) Pensas que son parvos? (*Ao espectador-cámara.*) Señor Cassius ou calquera que nos estea mirando: eu ben sei que vostede apreza a sinceridade. Se vostede e mais eu chegamos a un acordo respecto das condicións, pode estar seguro de que...

Cala cando se abre a porta A. É o Humano I, que regresa con John-John. Entón, o Humano III ponlle a correa a Enmanuel, lévao con el e saen. John-John pon os seus auriculares. Silencio.

ODÍN.- ¿Que tal o paseo? ¿Vai bo día?

JOHN-JOHN.- Este sitio é alucinante. Teñen aparellos de carallo, tecnoloxía punta, para medirche todo: agudeza visual, reflexos, ADN... A hostia.

ODÍN.- Así que ti es o escollido. Porque todas esas medicións queren dicir que te escolleron,.

JOHN-JOHN.- ¿Pénsalo en serio?

ODÍN.- Que lle imos facer, es o mellor. Abraiariálos coa túa agudeza, reflexos, código xenético...

JOHN-JOHN.- O 40 por cento, bóxer; 30 por cento, rottweiler; 15 por cento, pit-bull; 15 por cento, dogo.

ODÍN.- Mais ti non es só xenética. Vese que te preparaches a fondo para chegares aquí.

JOHN-JOHN.- Non o dubides. Tiven os mellores mestres.

ODÍN.- Un colexio caro, sospeito.

JOHN-JOHN.- Seis mil ao semestre.

ODÍN.- E estiveches alí, ¿canto tempo?

JOHN-JOHN.- Ano e medio.

ODÍN.- Ou sexa, que vales dezaioito mil. Estou diante dun can de dezaioito mil! Guau!

JOHN-JOHN.- Seleccionan aos cachorros de mellor *pedigree*. Os tres primeiros meses son eliminatorios: se non vales, para a casa. Nese tempo condicionante a non ter medo. Póñenche a todas horas ruidos de explosións, para afacer o sistema nervioso. Despois vén a especialización: narcóticos, inmigración ou terrorismo. E ti non podes escoller: aos mellores mándanos a terrorismo... Preparante para estares sempre disposto a entrar en acción e para reaccionar en calquera circunstancia. De súpeto, sóltante nun centro comercial cheo de xente e tes que neutralizar un home-bomba.

ODÍN.- Un home-bomba! Que emocionante!

JOHNJOHN.- Ben, a un actor que fai de home-bomba. No meu colexio, de bonecos nada, sempre actores, actores en toda clase de simulacros: seguimento de sospeitosos, secuestros, manifestacións. . .

ODÍN.- ¿Manifestacións?

JOHN-JOHN.- Lección corenta e unha: "Unha manifestación mal resolta / ben se converte en revolta" Apréndenche a ser persuasivo, a que utilices a violencia só como último recurso. Lección trinta e nove: "Se sabes amosar o dente / non precisas morder xente".

ODÍN.- Botas en falta o teu colexio, eh, meu?

JOHN-JOHN.- Houbo momentos difíciles. Mais sempre se superaron pola amizade e a camaradería.

ODÍN.- ¿Aquí éche todo moi distinto, non si? Aquí non podes confiar en ninguén. Ese tipo, Enmanuel, non me fío del.

JOHN-JOHN.- Nin eu tampouco.

ODÍN.- A súa boca di unha cousa e o seu cheiro expresa outra. Actúa como se fose amigo noso. Mais non está aquí para facer amigos. Está aquí porque quere o colar branco. El sabe que ti es un rival invencible. Por iso inventou o das cámaras. Éche un can moi listo.

JOHN-JOHN.- ¿E logo, non hai cámaras?

ODÍN.- ¿Cando sacou o tema? Xusto cando estabas a piques de lle dar o seu merecido. Coida que coa súa leria te vai anular. ¿Sabes o que me dixo de ti?

JOHN-JOHN.- ¿Que? ¿Que che dixo?

ODÍN.- "Moito músculo, pero ten menos rúa que Venecia".

JOHNJOHN.- Que teño menos rúa que Venecia, ¿iso di o moi cabrón?... ¿Que quere dicir con iso?

ODÍN.- Venecia!! Unha cidade sen rúas, toda de auga!!

JOHNJOHN.- No colexio non tiñamos xeografía. Será fillodaputa... Pero... ¿que quere dicir?

ODÍN.- Que es un coitadiño. Un papaleisón... Mira, ese tipo é unha hiena. ¿Sabes por que che dixo o das cámaras? Quérete privar da túa maior virtude: o instinto. El sabe que se te deixas guiar polo instinto está perdido. Dime: ¿que é o que che pide o teu instinto?

JOHN-JOHN.- Matalo.

ODÍN.- Iso! Quero velo aí, aos teus pés, co pescozo partido, desangrándose.

JOHNJOHN.- Si. Si!

ODÍN.- Non te apures. Cando estea despistado, bótaste enriba del coma un lóstrego.

JOHN-JOHN.- Coma un lóstrego.

ODÍN.- Mais non esquezas que é can espelido. Non deixes que te enlee. Paréceme escoitalos... Xa sabes, coma un lóstrego.

JOHN-JOHN.- Coma un lóstr...

ODÍN.- Shsss.

Ábrese a porta A. É o Humano III, que volve con Enmanuel. O Humano III fala cos compañeiros. Entón o Humano II ponlle arnés e correa a Odín e lévao con el. Os outros humanos tamén saen.

Antes de saír, Odín intercambia unha mirada con John-John. John-John e mais Enmanuel fican sós. Enmanuel nota algo raro na actitude de John-John. Cada vez que Enmanuel lle da as costas John-John dispónse a botarse enriba del. Mais, unha e outra vez, Enmanuel vólvese, frustrando o ataque.

ENMANUEL.- Aborrezco as análises. Non aturo ver sangue. Desde cachorro, é ver a agulla e marearme... E iso de que me fagan mexar, lévoo fatal... E despois cóllenche a pegada dunha pata soa. Da esquerda. ¿Non che resulta raro...?

JOHN-JOHN.- ¿Conque un coitadiño, eh? Conque un papaleisón. Conque menos beirarrúa que Florencia.

ENMANUEL.- A ti que che pasa?

JOHN-JOHN.- Pásame, sabichón, que te vou partir en anacos.

Bótase enriba de Enmanuel. Mais, para sorpresa de John-John, Enmanuel contraataca coma un bo loitador. Pelexan.

ENMANUEL.- ¿Oíches iso?

JOHN-JOHN.- ¿O que?

Sinala cara a porta B.

ENMANUEL.- Detrás desa porta. ¿Non oes coma se houbese alguén a rezar?

JOHN-JOHN.- Eu non oio nada.

ENMANUEL.- ¿Ti cres en Deus?

JOHN-JOHN.- ...??

ENMANUEL.- Se Casius che propón o tema "Deus", ¿pensaches que contestar? Na entrevista é un tema probable. Nos tempos que andamos, moitos deses que che van por aí poñendo bombas din que matan en nome de Deus. Mais, ¿que queren dicir? ¿Que hai na cabeza desa xente cando falan de Deus? Casius ha estar interesado en saber como enfocas ti o asunto. Se che saca o tema "Terrorismo e Deus", ¿que lle vas responder?

JOHN-JOHN.- No meu colexio non dabamos relixión. *(Inmobiliza a Enmanuel. Teno á súa mercé.)*

ENMANUEL.- *(Apenas intelixible.)* Eu empezaría comentando a famosa aposta de Pascal.

(Pausa.)

JOHN-JOHN.- ¿A aposta de quen?

ENMANUEL.- Blaise Pascal, filósofo francés (1623-1662). Pascal di: tanto a existencia de Deus como a súa inexistencia son indemostrables, polo tanto, hai que considerar a cuestión coma unha aposta. É coma as dúas caras dunha moeda; unha di: "Deus existe", a outra di: "Deus non existe". Segundo Pascal convén apostar por "Deus existe".

JOHN-JOHN.- ...?

ENMANUEL.- Se apostas "Deus non existe" e Deus efectivamente non existe, que gañarías? Só eses praceres fugaces aos que renuncia o crente e que o ateo se regala. Os mesmos praceres que perderás se apostas "Deus existe" e resulta que Deus non existe. En cambio, se apostas "Deus non existe" e Deus existe, laiaraste eternamente no inferno. Por último, se apostas "Deus existe" e Deus existe, gañarás a eternidade.

Silencio.

JOHN-JOHN.- ¿Podes repetir?

A presión de John-John foise relaxando. Pouco a pouco, Enmanuel, mentres conversan, acaba de ceibarse del.

ENMANUEL.- É coma un dado de só dúas caras...

JOHNJOHN.- ¿Non era coma unha moeda?

ENMANUEL.- Vale!, coma unha moeda: cara ou cruz! Unha di: "Deus existe", a outra di: "Deus non existe".

Enmanuel utiliza dous obxectos que atopa para representar "Deus existe" e "Deus non existe".

ENMANUEL.- A ver, ¿que escolles?

JOHN-JOHN.- Esa!

ENMANUEL.- ¿Apostas a que "Deus non existe"?

JOHN-JOHN.- ¿Esa non é "Deus existe"?

ENMANUEL.- Non, esa é "Deus non existe".

JOHN-JOHN.- Si, pois esa.

ENMANUEL.- Pénsao ben. escoita a voz de Pascal: «Se Deus non existe, todo se ha ir á merda de todas todas. E se existe poderías ser condenado polos séculos dos séculos".

JOHN-JOHN.- Pascal ten razón. A outra.

ENMANUEL.- Segundo Pascal, esa é a aposta intelixente. Segundo Pascal...

Ábrese a porta A. O Humano II trae a Odín, que non entende o que está a ver.

JOHN-JOHN.- (A Odín.) Ti cres en Deus?

Odín leva á parte a John-John.

ODÍN.- Supúñase que o ía atopar aos teus pés, co pescozo partido, desangrándose. ¿Que diaños pasou?

JOHNJOHN.- ¿Oíches falar dun apostante chamado Pascal?

ODÍN.- Xa te enleou. Deixácheste enlear.

John-John amósalle os obxectos que representan as dúas caras da moeda.

JOHN-JOHN.- Pascal di que unha moeda... Deus existe ou Deus non existe. Se apostas aquí, a eternidade; se non, ¿que perdes? ¿Que perdes, eh? Non, non che era así, ¿como era? Unha moeda. Se apostas por isto, ardes eternamente. Pero se non hai Deus...

ODÍN.- Ese tipo é unha serpe.

JOHN-JOHN.- ¿Quen? ¿Pascal?

Calan ao entrar Casius polo porta A.

CASIUS.- Cabaleiros, é tempo de comezar coa segunda proba.

JOHN-JOHN.- ¿Que foi da primeira, señor? ¿Non nos vai dar os resultados?

CASIUS.- Só admitiremos unha cruz por pregunta. Cada resposta errada será avaliada cun punto negativo.

O Humano I entrégalle a cada candidato bolígrafo e papel. Seguindo indicación de Casius, poñerá en marcha ou deterá o cronómetro: tic-tac;tic-tac...

CASIUS.- Primeira pregunta: ¿Cal é o radio de acción de sete gramos de trilita? A) 100 metros. B) 20 metros. C) 500 metros. (pausa.)

CASIUS.- Tempo. Segunda pregunta. Ao identificar un vehículo-bomba en movemento, ¿que ten que facer o can? A) Matar ao condutor. B) Inmobilizar ao condutor, deixándoo con vida. C) Interpoñerse na ruta do vehículo, provocando a explosión. *(pausa.)*

CASIUS.- Tempo. Terceira pregunta. En caso de desacordo entre o home e o can, ¿quen decide? A) O home. B) O can. C) Non pode haber desacordo. *(pausa.)*

Como lle doe a cabeza, John-John toma unha pastilla.

CASIUS.- Tempo. Cuarta pregunta. Cheiren estas tres prendas e digan cal corresponde a un terrorista. *(Os tres humanos achegan casa un unha prenda para que os cans ulan. pausa.)*

CASIUS.- Tempo. Quinta pregunta. Se a neutralización dun sospeitoso pon en perigo unha vida inocente, ¿que ten que facer o can? A) Desistir da neutralización. B) Completar a neutralización. C) Agardar pola decisión do compañeiro humano. *(pausa.)*

John-John toma outra pastilla.

CASIUS.- Tempo. Sexta pregunta. ¿Onde lle hai que morder a un home-bomba? A) Nos ollos. B) Nos testículos. C) Na man esquerda. *(pausa.)*

John-John toma dúas pastillas.

CASIUS.- Tempo. séptima pregunta. En menos de vinte e cinco palabras, defina o concepto de "Terrorismo". *(pausa.)*

CASIUS.- Tempo. Asinen e entreguen, por favor.

Casius recolle os exames e SAE pola porta A. Furioso. John-John, dá golpes contra chan e paredes.

JOHNJOHN.- Merda, merda, merda! En case todas, a a era igual que a be, e a c o mesmo pero noutra orde. "Defina terrorismo". ¿A que carallo vén iso? Mesmo un cachorro sabe que é o terrorismo. Pero polo menos teño seis ben... Polo menos catro... "Defina terrorismo". Ti que puxeches?

ODÍN.- Deixei en branco.

JOHN-JOHN.- ¿En branco? ¿Como que en branco?

ODÍN.- ¿Cantos anos tes, rapaz?

JOHN-JOHN.- Tres.

ODÍN.- Á túa idade xa deberías saber o que fan os homes coas palabras. "Terrorismo". "Dereitos humanos". "Democracia". Eles usan as palabras. Estíranas, encóllenas, retórcenas, móvenas dun sitio para outro...

JOHN-JOHN.- ¿De que estás a falar? ¿Ti, en que lado estás?

ODÍN.- Eu non che estou en lado ningún e ti tampouco non deberías estar en ningún lado. Os cans non temos lado, nin patria, nin casa.

JOHN-JOHN.- ¿Como que os cans non temos lado? Eu teño lado, vaia se o teño.

ODÍN.- ¿Por que non repasas iso de Pascal, chuliño? Coido que o téis un chisco verde. Mais se o fixas ben, vas deixar a Casius tremelicando.

Dálle a John John unha moeda imaxinaria. John-John empezará a falar só, tentando reconstruír o argumento de Pascal.

ENMANUEL.- *(A Odín.)* Non habías falar así se pasases por iso.

ODÍN.- Non había falar como, se pasase polo que?

ENMANUEL.- Se vises os corpos mutilados, a carne queimada, a morte brutal e absurda dos inocentes..., non habías falar como falas.

ODÍN.- Non coñezo ninguén inocente.

ENMANUEL.- Es un cínico. ¿Sabes que os gregos lles chamaban así, "cínicos", a uns filósofos que imitaban aos cans?

ODÍN.- "Cínico". Gústame. Soa ben. "Odín, o cínico".

ENMANUEL.- A ti non te quixeron moito, ¿non é?

ODÍN.- Trabúcaste. O meu amo número catro, ese adorábame. El púxome Odín. ¿Imaxinas o ghicho? A clase de parvo que lle chama Odín ao seu can. Dime como lle chamas ao teu can e direiche que problema tes... En realidade ninguén que teña can na casa é de fiar. A homosexualidade xa me parece bastante mal, pero vivir cun can... Véndote a ti imaxino que o teu amo debía ser un auténtico mamalón.

ENMANUEL.- ¿Pois sabes que? Vou gañar ese colar só para que non o gañes ti.

ODÍN.- Ti non podes gañar. A pelexa é entre o John-John e mais eu. Máis che vale encoller o rabo e deixarnos sós.

JOHN-JOHN.- (*A Enmanuel.*) ¿Podemos repasar o de "Se Deus non existe" cando Deus non existe? Non acabo de collelo.

ENMANUEL.- Non tentes repetir os argumentos de Pascal, nin os de ningún outro. O importante non é o que pense Pascal, senón o que penses ti. *Sapere aude!*

JOHN-JOHN.- ¿Como?

ENMANUEL.- O lema de Kant: *Sapere aude!* Quere dicir: ten a ousadía de pensares por ti mesmo; non sexas coma un cativo... confía na túa razón. *Sapere aude!*

Silencio.

JOHN-JOHN.- Mais daquela ti... Ti tes que ter a túa propia idea de Deus. Non a de Pascal, a túa. ¿Como ves ti o tema?

ENMANUEL.- Despois de analizar as demostracións presentadas por Tomé de Aquino, cheguei á conclusión de que nin o argumento pode fundamentar o enunciado "Deus existe". Podo aceptar, porén, que a miña razón conciba a Deus coma un ideal que non pode ser achado no mundo. O meu Deus é un Deus que non intervén na historia: un Deus que non reparte premios nin castigos, un Deus...

JOHN-JOHN.- Un Deus que nin entra nin sae, nin premia nin castiga... Que merda de Deus é ese?

ENMANUEL.- Concédoche que é unha noción feble de Deus. É un Deus que non alivia a dor do mundo, un deus que non consola. Un Deus que os escolásticos chamaban o ens realissimus, o sumun *bonum*, a *essentia essentiarum*...

ODÍN.- Abonda! (*Ao espectador-cámara.*) Sáquemo de aquí, bote fóra ao filósofo este antes de que nos tolee... (*Pausa. Sorpréndese.*) Xa, xa entendo, agora comprendo. Levo todo o tempo a darlle voltas: que fai aquí este graxento, que nin ten olfacto nin salta obstáculos, que pinta este tipo aquí? Por fin entendino: ti non es candidato. (*A John-John.*) Non está no exame. El é parte do exame!

JOHN-JOHN.- ¿É parte do exame?

ODÍN.- Está aquí para nos pór dos nervios e ver como reaccionamos, o mesmo que esa puta música e ese cheiro a lixivia. Só hai dous finalistas, ti e mais eu.

JOHN-JOHN.- ¿Ti e mais eu sós?

ODÍN.- Iso é, ti ou eu.

Silencio.

ODÍN.- Aínda que eu non teño nin a máis mínima oportunidade. Ti tes a potencia do bóxer, a resistencia do rottweiler, a agresividade do pit-bull, a perseveranza do dogo...

JOHNJOHN.- Pois si.

ODÍN.- De finalista a finalista, John-John, ¿permítesme unha pregunta?

JOHN-JOHN.- Veña.

ODÍN.- ¿Estás seguro de que todo ti es can?

JOHN-JOHN.- ...?

ODÍN.- ¿Como sabes que non che meteron un 10 por cento de tartaruga, para endurecerte, ou un 7 por cento de lebre para darche axilidade? Agora teñen toda caste de medios: hormonas, xenos, clons... ¿Como sabes que non mesturaron no cóctel un 20 por cento de home para facerte un 20 por cento máis caradecona ... ? Veña, rapaz, non te poñas así, tampouco na miña árbore é todo *fetén*. Mira esta man, ¿non é de podengo? A miña avoa era bastante raposa. Pero polo menos eu sei que nada máis son can. ¿Xa che dixeran que tés ollos de mono?

*John-John bótalle unha trabada a Odín, que este esquiva.
Empeza unha pelexa sería: dentadas, sangue, un ou outro pode morrer.
Ao pretender separalos, o Humano I leva unha trabada de
John-John. O Humano III aplícalle sacudidas eléctricas ata
amansalo e o Humano II ponlle un bozo.*

ODÍN.- (*Ao espectador-cámara.*) Xa o ve, Casius, o rapaz non se domina. Como se puxo por unha bromiña sobre a súa estirpe! Imaxínoa afrontando unha crise?

Cala en canto se abre a porta A, polo que entra Casius.

CASIUS.- Terceira proba. Imos empezar por vostede, Odín. John-John, Enmanuel, farannos o favor de saír?

JOHN-JOHN.- (*Apenas intelixible por mor do bozo.*) Pero, ¿quen está gañando? ¿Non nos van dicir quen vai gañando?

CASIUS.- Ao final do corredor atoparán tres portas: a biblioteca, a sala de televisión e o xardín. Poden agardar onde queiran. Chamáremolos cando sexa a súa vez.

*Enmanuel e John-John saen; tamén os humanos I e III.
O Humano II ponlle unha correa a Odín.
Durante esta e mais as outras entrevistas,
o Humano poderá dirixir ao candidato coa correa,
obrigándoo a ir a un lugar do recinto, adoptar unha postura ou
facer un exercicio físico. Casius tomará notas no seu caderno.*

CASIUS.- Antes de proceder coas preguntas, cada candidato dispón dun minuto para autopresentarse. (**Pausa.**)

ODÍN.- Eu non sei idiomas. Non sei informática. Non sei case nada. Mais sei todo o que hai que saber. (**Pausa.**)

CASIUS.- No seu currículo non consta data nin lugar de nacemento.

ODÍN.- Non teño nin puta idea de cando nin onde nacín. Calculo que debo ter uns seis anos.

CASIUS.- Tampouco nos consta dato ningún dos seus pais.

ODÍN.- Non, non consta.

CASIUS.- ¿É Odín o seu nome auténtico?

ODÍN.- ¿"Nome auténtico"? ¿Quen ten un "nome auténtico"? Eu, antes de Odín tiveron outros tres, tantos como amos: "Express", "Fortuna" e "Furor". Pódeme chamar como queira.

CASIUS.- Custa imaxinalo coma un animal de compañía.

ODÍN.- Pois si que o fun. Ata que me fartei de aloumiños e de bicar zapatos.

CASIUS.- ¿E despois?

ODÍN.- A rúa. A miña universidade. Na rúa aprendías a roñar para meter medo e a laiar para dar pena. E, sobre todo, afinei o olfacto para sobrevivir. Aprendías que o que che quere pegar cheira distinto que o que te vai acariñar.

Silencio. Casius consulta o seu caderno.

CASIUS.- Hai que recoñecer que o seu olfacto é formidable.

ODÍN.- Xa van tres xuíces que aceptaron o meu testemuño en xuízos de homicidio. Podo distinguir dous mil tipos de cheiros. Podo identificar calquera explosivo nun radio de trinta metros, recoñecer calquera axente químico en menos de vinte segundos e calquera axente biolóxico en menos de dez.

CASIUS.- Na actualidade, traballa no Servizo de Inmigración. Pode explicarnos cal é a súa misión?

ODÍN.- Os camións da fronteira. Determino a densidade de dióxido de carbono nos camións. Así detecto se hai xente respirando. É dicir: clandestinos agochados.

Silencio.

CASIUS.- O seu currículo di que estivo empregado nun hospital. Traballaba na sección de oncoloxía. Pode clarificar ese punto?

ODÍN.- Detectaba tumores.

CASIUS.- É quen de detectar un cancro polo olfacto?

ODÍN.- Cunha probabilidade do oitenta e sete por cento.

CASIUS.- Salvou vidas. Debía ser un traballo emocionante.

ODÍN.- Teño por costume non me implicar emocionalmente no meu traballo. No hospital pagábanme ben: catro quilos de solombo ao día e unha femia nova cada tres meses. Pero recibín unha oferta mellor e emigrei.

CASIUS.- ¿Que máis pode detectar? ¿A ledicia? ¿A tristura?

ODÍN.- ¿Estase a mofar de min?

CASIUS.- Non.

Silencio.

CASIUS.- Deixou ese traballo no hospital. E outros. Cambiou moitas veces de traballo.

OWN.- Non me botaron nunca de sitio ningún. Son eu o que se moveu.

CASIUS.- ¿E podemos saber con que criterios?

ODÍN.- Nada máis que un: o meu propio benestar. Sei o que está a pensar, Casius. Si, son un mercenario. Escoite, se quere ideoloxía, escolla a John-John, ten ideoloxía para encher un tren. Ou ao filósofo. ¿Quere ideoloxía? Escolla un deses dous. Mais se quere un profesional, daquela eu son o seu can.

CASIUS.- ¿Non ten ideoloxía? ¿Daríalle o mesmo estar connosco que estar contra nós?

ODÍN.- ¿Vostede, con quen quere que estea eu? Pense se me quere ao seu lado, Casius. E cando o teña pensado, procure facerme unha boa oferta.

CASIUS.- ¿Tanto lle ten eles coma nós?

ODÍN.- ¿Eles? ¿Os malos? Non me conte contos de bos e de malos, Casius. Non son eles os causantes de que os nenos morran de fame en medio mundo. Supoño que, se tivesen avións, en vez de deixaren as súas bombas por aí, tiraríanas desde arriba, como fan os nosos, os bos. Son uns fillosdeputa, pero non son os únicos fillosdeputa. Agora ben, se vostede quere que eu faga como que eles son os malos e nós, quen queira que sexamos "nós", os bos, pois fareino. Xa teño feito cousas peores. Saír ladrando a darlle a benvida a un papahostias coas súas zapatillas na boca, iso si que é unha merda.

Silencio.

CASIUS.- Non entendemos por que quere este traballo, Odín. Está ben pagado, mais é moi perigoso. Non sabemos por que o quere e, sen saber iso, non llo imos dar.

ODÍN.- Vostede non me vai dar nin quitar nada, Casius. Serán os seus amos os que decidan. E se eles, os seus amos, comprenden que son o mellor, e son o mellor, han pagar o que eu lles pida. Darían calquera cousa por un pouquiño de seguridade porque están mortos de medo. Precisan de min e terán que aceptar as miñas condicións... Agora o amo son eu.

Silencio.

CASIUS.- Se vostede estivese no meu lugar, ¿a cal dos seus compañeiros escollería?

ODÍN.- Non me vexo no seu lugar, Casius. Non me podo imaxinar malgastando os meus últimos días con suxeitos coma min. Non, eu non vou rematar arrastrándome, babexando gratitude porque o amo aínda ten coidado de min...

Silencio.

CASIUS.- ¿Vostede cre en Deus?

Silencio.

ODÍN.- Pasei unha tempada na canceira. Alí non sabes nunca que vai ser de ti. De súpeto, un día, un tipo sinálate cun dedo. Pódente levar á mansión dunha marquesa, a encherte de bombóns, ou a un laboratorio a probares xaropes, a ver se te pos azul ou se a espichas. Esa é a miña idea de Deus.

Silencio.

CASIUS.- Para rematar, Odín: ¿que é para vostede o home que o leva pola correa?

ODÍN.- Nin me decato del.

Silencio. Casius faille un aceno ao Humano II, que lle quita a correa a Odín e lévao cara a porta A.

CASIUS.- Un momentíño, Odín, xa me esquecía. No seu currículo non menciona que, por dous meses, traballou nun programa de detección de cans ilegais.

Silencio.

ODÍN.- Xa foi hai moito tempo. Dixéranme que era para vacinalos e desparasitalos... Eu mesmo era tamén un indocumentado. Ofrecéronme un colar a cambio de facer ese traballo.

CASIUS.- Non lle preguntei por que fixo ese traballo. Só fixen mención a que non o puxo no currículo. ¿Será que, despois de todo, "Odín, o cínico" é quen de sentir vergoña?

Odín vai responder, mais Casíus faille un sinal ao Humano II para que o leve. A un aceno de Casius, empeza a soar a música; a outro aceno, a música sobe de volume. O Humano I volve con John-John, ao que lle pon a correa e lle saca o bozo..

CASIUS.- Dispón dun minuto para se presentar.

JOHN-JOHN.- ¿Un minuto?

CASIUS.- Interésanos saber como se ve a si mesmo. *Silencio.*

JOHN-JOHN.- Basicamente estou de acordo con Pascal. Non estou seguro de telo pillado en toda a súa profundidade, pero dáme a min que presentou ben o tema. A min nunca me tería pasado pola cabeza... No meu colexio non dabamos relixión e meu pai non me falou nunca do asunto. Meu pai non nos falaba nunca, a que falaba connosco era mamá, a meu pai falar parecíalle cousa de mulleres, mais dese tema nin sequera mamá. Pero agora sei que, se quero progresar nesta profesión, debo enfrontarme ao asunto, pois que moitos deses asasinados pasan o día a rezar, e non sabemos a que lle rezan...

Casius faille un sinal de que esgotou o minuto.

CASIUS.- Vostede estivo agardando na biblioteca.

JOHN-JOHN.- Na biblio, si.

CASIUS.- Baixou un libro do anhel e estivo a lelo.

JOHNJOHN.- A acción non o é todo.

CASIUS.- O tomo cinco da Enciclopedia.

JOHNJOHN.- Busquei "Deus", pero non me deu tempo a lelo todo... Non sabía que houbese tanta xente opinando sobre Deus, e cousas tan distintas.

CASIUS.- ¿Vostede considérase intelixente e culto, John-John?

JOHN-JOHN.- Haille moito prexuízo a respecto dos bóxer, señor. Sabemos pensar. Se hai que pensar, pénsase.

CASIUS.- ¿Tense por un bóxer?

JOHN-JOHN.- É o meu compoñente máis grande, señor. Un 40 por cento.

CASIUS.- ¿Considérase violento?

JOHN-JOHN.- Nesta vida, tes que ser ameazante para que non te ameacen a ti. O outro ten que saber que o ha pagar caro se se atreve.

CASIUS.- ¿Goza co perigo?

JOHN-JOHN.- Non me achico, non busco excusas. Meus pais aprendéronme a non recuar. Coma vostede. Moito nos falaron de vostede no colexio, Señor Casius. Aquela vez que entrou nese avión secuestrado. Ninguén era quen de entrar, mais alguén tiña que facelo e fíxoo vostede. Eu quero ser coma vostede, señor.

CASIUS.- ¿Quere ser coma min?

JOHNJOHN.- Non quero outra cousa.

CASIUS.- ¿Miroume ben, John-John? Son un vello tolleito, cosido e recosido mil veces. ¿Preguntouse algunha vez por que ladeo a miña cabeza para escoitalo? Porque a miña orella dereita está tan seca coma o meu ollo esquerdo. Sinto dores que apenas me deixan durmir, e cando son quen de facelo, os pesadelos non me deixan descansar. Nos soños aparécenseme todos os meus mortos, John-John, e pode crer que son moitos. Este é o meu premio, por ter estado en primeira liña, por non ter recuado nunca... Mais abonda, é de vostede de quen queremos falar. No seu currículo menciona o Programa-R. ¿En que consiste ese programa?

JONH-JOHN.- "R" de "Resistencia". Unha simulación. Danche unha palabra secreta e un día calquera, sen aviso previo, caes prisioneiro do inimigo. Tes que resistir sen lles dicir a palabra. Átante en posturas insoportables, mantéñente esperto pola forza, expóñente a frío e calor extremos, fanche a táboa da auga...

CASIUS.- ¿A táboa da auga? (*John-John utiliza o corpo para explicarse.*)

JOHN-JOHN.- Átante a unha táboa coas mans esposadas atrás, inclinándoa un pouco así, para que os pés queden máis altos cá cabeza. Tápanche os ollos e métenche unha toalla na boca, ben metida, que che toque a gorxa. Deseguido van botando auga de xeito que che entre polo nariz e que a toalla se enchope. Non falla, pensas que afogas. Eu aguantei un 1,7.

CASIUS.- Pero acabou dicindo a palabra. A palabra secreta, ao inimigo.

JOHN-JOHN.- Fun o que máis aguantou. Os demais non resistiron nin un minuto.

Silencio. Casius escribe no seu caderno.

JOHN-JOHN.- Preciso ese traballo, señor, non sabería facer outra cousa. (*Dóelle a cabeza. Toma unha pastilla. Outra.*) Un gladiador só pode ser un gladiador... No colexio diciánnos que eramos coma eles. ¿Se non me dan ese colar, que vai ser de min? Se non me dan ese colar deberíanme sacrificar, señor.

CASIUS.- Non me sexa tan dramático, rapaz. Hai outros equipos. A guerra contra o terror non remata no K7.

JOHN-JOHN.- Pero vostedes son a elite. Vostedes son os mellores.

CASIUS.- Efectivamente, somos os mellores. Gabámonos de ter nas nosas filas os mellores entre os mellores. Por iso somos tan coidadosos ao seleccionar membros novos. Supoña que lle tocase estar no meu lugar, John-John. Pense nos seus compañeiros. ¿Odín ou Enmanuel? ¿Cal é, ao seu xuízo, digno de converterse nun K7?

JOHN- JOHN.- ¿Estou eliminado? Enleeime no das vinte e cinco palabras, sobrábanme doce e quixen completar, e aí foi onde quedei en branco, mais sei moi ben o que é o terrorismo.

CASIUS.- Non está eliminado. É só unha hipótese. Preguntámoslle polos seus compañeiros para ver como razoa.

JOHN-JOHN.- Para ver como razoo... ¿A cal escollería? Non o sei, non me gusta ningún. Son de mala pasta. Un ten pasta de traidor e o outro pasta de covarde.

Silencio.

CASIUS.- Díganos, John-john: ¿Que é para vostede o home que o leva pola correa?

JOHN-JOHN.- ¿É el?

CASIUS.- ¿Quen?

JOHN-JOHN.- Lección número cen e derradeira: «Un día o home se che entregará. / Irmán do home o can será».

CASIUS.- Iso é o que lle ensinaron: Agora míreo aos ollos e dígame John-John: ¿Que é para vostede ese home?

JOHN-JOHN.- (*Mirando para o Humano.*) Sonlle eu mesmo. Sempre estaremos xuntos ata a fin. Se el comete un erro ou eu me confundo, os dous habemos caer xuntos.

Silencio. Casius faílle un aceno ao Humano I, que lle quita a correa a john-john e invítalo a saír pola porta A. Pero john-john virase cara a Casius.

CASIUS.- ¿Quere dicir algo máis?

JOHN-JOHN.- Se cadra son menos listo ca eles, mais eu sei o que podo dar cun home ao meu lado. El ha pensar por min e eu hei sentir por el. Só un can sabe cando alguén quere matar. Un can sabe cando alguén vai intentalo e anticipase, porque un can sabe se un home vai facer algo malo, antes ca ese home. Poña un dos seus homes ao meu lado, Casius, e eu hei ser o instinto dese home.

John-John mais o Humano I saen. Cun xesto de Casius a música cesa. O Humano III volve con Enmanuel, ao que lle pon a correa.

CASIUS.- Ten un minuto para presentarse.

ENMANUEL.- Prefería pasar decontado ao diálogo.

Silencio. Casius escribe.

CASIUS.- Noventa e seis quilogramos. ¿É o seu peso normal?

ENMANUEL.- Nos últimos tempos, descoideime un pouco. Pero podo baixar a oitenta se me poño.

CASIUS.- Vostede decidiu agardar na sala de televisión. Non na biblioteca.

ENMANUEL.- Noutra época da miña vida tería ido á biblioteca. Noutra época eu vivía de costas a iso que lle chaman "actualidade". Pensaba que unha biblioteca encerra un mundo. Vexo moita tele ultimamente. Informativos. Aínda que, segundo está o mundo, é difícil distinguir cando un está a ver un telexornal ou cando unha película de medo.

Silencio.

CASIUS.- Enmanuel. Un nome longo de máis. Se quedase connosco, ía haber que acurtalo. ¿"Emn"? ¿"Manu"?

ENMANUEL.- ¿Para que pensar niso? Probablemente non vou quedar con vostedes.

CASIUS.- Probablemente.

ENMANUEL.- Estamos a perder o tempo, vostedes e mais eu. Non teño o olfacto de Odín, nin a forza de John-John. Non teño ningunha posibilidade de conseguir o colar. Sorpréndeme que aínda non me descartasen. A non ser que estean buscando algo máis. Algo á parte de olfacto ou de forza.

CASIUS.- E pode ser. Mais se non fose así, se non buscásemos nada máis que olfacto ou forza, ¿Que nos aconsellaría vostede? ¿A cal dos seus compañeiros deberíamos escoller?

ENMANUEL.- Élle unha decisión difícil. ¿Para que serve a forza sen unha decisión que a governe? ¿E de que serve un olfacto que se ha poñer ao servizo de quen máis pague? É unha decisión que non me gustaría tomar.

CASIUS.- ¿Cal, Enmanuel?

ENMANUEL.- Se fose a miña responsabilidade, escollería a John John.

Silencio. Durante un anaco. Casius escribe sen mirar a Enmanuel.

CASIUS.- O seu currículo é... singular. Estudos de filosofía.

ENMANUEL.- Nos currículos sempre se esaxera. Sabela, a miña dona, escudaba filosofía. Eu algo aprendín a base de acompañala á clase e de escoitar... Por iso me puxo Enmanuel.

CASIUS.- ...???

ENMANUEL.- Por Kant, o seu filósofo favorito. En broma ela chamábame "Enmanuel Can". Ben, ela tiña ese tipo de humor. Enmanuel Kant (1724-1804), autor da *Crítica da razón pura*. Ten libros máis accesibles... Recomendolle empezar por *A paz perpetua*... Nese ensaio, Kant pregúntase se algún día haberá harmonía entre os pobos. Kant é optimista. Segundo el, a Natureza ten como obxectivo o acordo universal entre os seres humanos. A Natureza ten un proxecto para a Humanidade, un plan que se ha cumprir mesmo contra a vontade dos homes e usando como medio a súa discordia. Finalmente ha reinar unha hospitalidade universal: non haberá fronteiras, ningún ser humano se sentirá estranxeiro en ningún lugar da terra.

Silencio.

CASIUS.- ¿De verdade quere este traballo?

ENMANUEL.- Con todo o meu corazón.

Silencio.

CASIUS.- ¿Por que agocha a cicatriz?

ENMANUEL.- ¿O que?

CASIUS.- Esa cicatriz que lle atravesa o peito. Demasiado grande para agochala.

ENMANUEL.- Non a agocho.

CASIUS.- ¿Dálle vergoña?

ENMANUEL.- Non presumo dela, mais tampouco me avergoño.

CASIUS.- Gustaríanos saber como a fixo.

ENMANUEL.- Digamos que foi un accidente laboral.

CASIUS.- Se non quere falar diso, non o imos obrigar a facelo.

Silencio.

ENMANUEL.- Antes de vivir con Sabela, pertencín a un home que me facía pelexar. Pelexas clandestinas, con apostas polo medio.

CASIUS.- Non mencionou nada diso no seu currículo.

ENMANUEL.- Supoño que é unha parte da miña vida que prefiro esquecer. Non teño nada que ver con aquel que fun.

CASIUS.- ¿Era bo loitador?

ENMANUEL.- Tiñas que selo. Despois da pelexa, se cometeras algún erro, o amo poñíache a capucha e... (Non pode seguir.)

CASIUS.- ¿Poñíalle unha capucha, e que? ¿Que lle facía o amo?

ENMANUEL.- Golpeábate ata que...

CASIUS.- ¿Ata cando, Enmanuel?

ENMANUEL.- Ata que ouveabas pedindo a morte. E cando batía noutro facíache presencialo, para que vises o que te agardaba se cometías un erro. Ás veces pegábache porque si, para curtirte, dicía el. Se podes aturar isto, has ser invencible, dicía. E batía en ti ata que crías estar morto.

Silencio.

CASIUS.- Custa imaxinalo mordendo unha gorxa.

ENMANUEL.- Non podía escoller. Era lexítima defensa.

Silencio. Casius falle un aceno ao Humano. Saen os dous, deixando só a Enmanuel. Ao instante volve o Humano, e logo Casius. Silencio.

CASIUS.- ¿Matou vostede?

Silencio.

ENMANUEL.- Se estou vivo será porque matei... Mais un día calculei mal e quedoume este agasallo. Desangrábame, morría. O amo guindoume á rúa coma un reboutallo. Foi un milagre que un home me recollese e me levase á casa xunto a súa filla. Curoume ela. Cando a coñecín, Sabela pareceume unha rapaza rara... Non falo de acompañar unha cega, falo de entender as novas regras. Custoume comprender que ela non me quería utilizar. Sabela aprendeume a respectar aos demais, a escoitar as razóns do outro. Iso é o máis importante que aprendín con ela. Á parte de moitas outras cousas. Pascal, por exemplo. O pai líalle as lección en voz alta.

Silencio.

CASIUS.- ¿Algún outro traballo, ademais daquelas pelexas e este de can-guía?

ENMANUEL.- Con Sabela non sentía estar a facer un traballo.

CASIUS.- Mais xa non está con ela. ¿Deixouno ou botárono?

ENMANUEL.- Nin unha cousa nin outra.

CASIUS.- Explíquese.

Silencio. A Enmanuel cústalle falar do asunto.

ENMANUEL.- Sabela quíxome como non me quixeran endexamais, e eu quíxena como non quixen nunca a ninguén. Unha mañá, cando iamos á universidade... Non me perdoou non ter recoñecido o perigo... Houbo unha explosión e... (A emoción non o deixa seguir.) Non me separei dela ata que chegou o seu pai. Ao velo alí, abrazado ao que quedaba de Sabela, xurei que tiña que facer algunha cousa. Por iso estou aquí.

Silencio.

CASIUS.- Xurou que tiña que facer algunha cousa.

ENMANUEL.- Algo pola xente. Axudar.

CASIUS.- Pero, ¿por que pensou en nós? Hai moitos postos desde os que vostede lle podería axudar á xente.

ENMANUEL.- Non hai nada que cause tanta dor coma o terrorismo. Nada fai tanto mal. Inocentes sacrificados sen saberen sequera por que morren, xente que cometen o único delito de pasar por alí no momento equivocado... Despois daquilo, todo o mundo me parecía perigoso. Porén, tanto me tiña vivir ou morrer. Non sei o que tería feito de non se me ter achegado aquel tipo, un dálmata. Díxome que estaba a buscar cans para traballaren en antiterrorismo e velaquí estou.

Silencio.

CASIUS.- A súa definición de terrorismo ten máis de vinte e cinco palabras.

ENMANUEL.- Corenta e tres. Prefería ser preciso antes que cumprir a regra. De verdade, dubido moito de que se poida definir un fenómeno tan complexo só con vinte e cinco palabras.

Silencio.

CASIUS.- Aínda semella estar baixo a conmoción daquel atentado. ¿Pensou en visitar un psicólogo?

ENMANUEL.- Non quero esquecer. Non a vou esquecer nunca. Débollo. Por iso estou aquí.

CASIUS.- Non queremos a ninguén que utilice este traballo para pagar débedas persoais.

ENMANUEL.- Non se trata de pagar unha débeda. Trátase de lembrar, en cada intre, que esa débeda é impagable.

Silencio.

CASIUS.- Unha última pregunta, Enmanuel. ¿Para vostede que é o home que o leva pola correa?

ENMANUEL.- Non llo sei. Non o coñezo.

Silencio. Casius recolle as súas cousas e dispónse a saír. O Humano quítalle a correa a Enmanuel. Casius vírse cara a Enmanuel.

CASIUS.- Unha cousa máis, Enmanuel. Cando se enfrontaron John-John e mais Odín, apartouse vostede, ficou á marxe, mirando. Sorprendeunos que a súa decisión fose non facer nada.

Antes de que Enmanuel acerte a responder, sae Casius e detrás del o Humano III. Ao intre volve Odín, e logo John-John.

JOHN-JOHN.- ¿E, quen gañou? ¿Canto máis imos ter que agardar? Non me prepararon para isto. Preparáronme para a acción...

ODÍN.- (Ao espectador-cámara.) Poñede a música! Non quero escoitar a este chorón!

JOHN-JOHN.- Casius sabía que estiven a agardar na biblioteca, preguntoume por iso e polo libro que estiven a ler. Era parte do exame. ¿Onde estiveches ti?

ODÍN.- Fun á sala de televisión, despois á biblioteca, logo ao xardín e outra vez á biblioteca. Estiven seguindo un gato.

JOHN-JOHN.- Explíqueille o de Pascal, mais non sei se me fixen entender, xa me doe a cabeza, estou farto de pensar...

Toma tres pastillas.

ENMANUEL.- ¿Sabes por que creo que che doe a cabeza? É por culpa de todos eses cruces. Probablemente o teu cerebro de pit-bull é máis grande que o teu cranio de rottweiler.

JOHNJOHN.- ¿Confundíronse?

ENMANUEL.- Se cadra non foi un erro. Ao mellor pensan que, canto máis che doía a cabeza nos momentos críticos, mellor can has ser.

JOHNJOHN.- Así que por iso me doe.

ENMANUEL.- Tes que aprender a controlarte.

Música, que se ergue ata o insoportable e que, de súpeto, cesa.

JOHN-JOHN.- No colexio falábase dunha cuarta proba. Unha proba especial, en caso de empate.

ODÍN.- ¿Empate? ¿Que empate?

JOHN-JOHN.- Pregunteilles aos meus pais se pasaran por isto, pero non querían falar do asunto, como se xuraran gardar o segredo, ou como se lles dese vergoña lembralo. Tamén no cole había un run-run sobre esa proba de desempate...

ODÍN.- Un “run-run”, é o máis parvo que oín.

Abrese a porta A, pola que ENTRA Casius.

CASIUS.- Parabéns, señores, as súas cualificacións son magníficas. Tanto que fai moi difícil a nosa elección. As tres probas adoitan chegar de abondo para escoller ao vencedor. Mais nesta ocasión non foi así. Vémonos na obriga de enfrontalos nunha cuarta proba. A decisiva. Señores.

Vírase cara a porta A, pola que ENTRAN os Humanos. Pero estes visten agora tal e como lles corresponde ao seu auténtico rango. Nas mans do Humano I, un colar branco novo.

HUMANO I.- John-John, Odín, Enmanuel, os tres atesouran calidades que os fan dignos deste colar. Porén, cada un presenta unha vulnerabilidade. Un talón de Aquiles. Entenderán que non poidamos correr ningún risco. Xogamos coas vidas dos cidadáns que xuramos protexer, coa supervivencia do noso mundo.

HUMANO II.- Si, é todo un mundo o que nós defendemos. No posto que lle asignemos, en cada misión, o escollido ha combater non só polas nosas vidas, senón tamén polos nosos valores máis profundos. Pero, como podemos estar seguros diso?

Silencio. Faille un xesto a Casius, que entreabre a porta B.

HUMANO III.- Detrás desa porta, xa o adiviñaron, hai algo vivo, unha muller. Coidamos que ten información sobre un atentado inminente contra poboación civil nalgunha cidade do noso país. Ela asegura que non sabe nada, mais nós sospeitamos que mente. Preguntámonos se unha presión sobre esa muller estaría xustificada.

John-John quere entrar pola porta B. Casius reteno.

HUMANO I.- Antes de tomaren a súa decisión, quixeramos, señores, que compartisen as nosas dúbidas. Coidamos que esa muller agocha información que pode salvar vidas. Mais, se lle tocamos, ¿non nos estaríamos asemellando a ela?, ¿non estaríamos a xustificar o seu terrible proxecto, a súa escura visión do mundo?

Pon en marcha o reloxo: tic-tac, tic-tac...

HUMANO II.- Con todo, pode haber unha bomba a piques de estoupar. A decisión é súa, señores.

Tic-tac, tic-tac...

JOHN-JOHN.- (A Casius.) ¿Que queren que fagá? Eu quero ser un bo can, pero necesito ordes claras. Bótome enriba e poreina de xeonllos diante súa. ¿É iso o que queren?

HUMANO III.- No colexio, John-John, ¿non lle aprenderon a avaliar unha situación así e a lle dar resposta?

JOHN-JOHN.- Si, si, ¿como era...? Interrogatorio coercitivo con presión psicolóxica, interrogatorio coercitivo con presión física, interrogatorio coercitivo con dor severa, interrogatorio coercitivo con dor insuportable... A teoría aprendíamola coma papagaios, sen entendela. (Engole unha presada de pastillas. A Casius.) ¿Quere ou non quere que manque a esa cabrona? ¿Que lle trabe ou só que a asuste? ¿Que lle provoque un ataque de pánico? Déame unha orde, faga favor.

Casius non responde.

JOHN-JOHN.- ¿É outro exercicio de razoamento? Vaime estoupar a cabeza. Voume.

ODÍN.- Non te podes ir, rapaz. Só o gañador sairá de aquí, cun colar branco.

JOHN-JOHN.- ¿De que estás a falar? ¿Por que ninguén fala claro neste sitio?

ODÍN.- Aténdeme co teu 15 por cento de rottweiler, rapaz: dous de nós imos ser convertidos en salchichas. ¿Ou pensas que nos van deixar saír coma se nada, a contar o que vimos e oímos? Dígallo, Casius; dígalle que só vai sobrevivir o que gañe o colar. Isto é a vida ou morte, rapaz, coma as pelis de gladiadores. O que perde, morre, coma Espartaco. ¿Non é así, mestre Casius?

JOHN-JOHN.- Eu non vou deixar que me convertan en embutido. Se actuamos coma un equipo, aínda podemos ter unha oportunidade. Se conseguimos chegar ao xardín, desde alí...

ODÍN.- O xardín remata nun foxo. A biblioteca non ten xanelas; a sala de televisión si, pero son falsas. Non hai saída. Cabaleiros, fagan as súas apostas...

JOHN-JOHN.- Eu vou saír de aquí, nada me vai parar. Ou morrerei matando.

Engole pastillas ata librar o bote e sae pola porta A.

HUMANO I.- Ha volver. Da que comprenda que non ten onde ir. Ha volver cunha decisión. ¿E vostedes, señores, teñen xa a súa decisión?

ODÍN.- Eu si, señor. Esta é a miña aposta.

Vai entrar pola porta B. Casius reteno.

HUMANO II.- Bótase vostede para adiante, porque pensa que iso é o que nós esperamos. (A Enmanuel.) Vostede, en cambio, dubida, vostede faise preguntas e agora está perante a máis difícil das preguntas. Porque a cuestión da... Pronunciemos a palabra, nin vostede nin eu lle temos medo ás palabras: tortura. Vostede e mais eu sabemos que a tortura é a cuestión deste tempo, a que encerra todas as demais.

HUMANO III.- Enmanuel, temos moitas esperanzas postas en vostede. Adiviño: o olfacto, a forza, son o de menos, axiña haberá máquinas insuperables para todo iso, mais diferenciar entre o xusto e o inxusto, iso só pode facelo o corazón dun can. Vostede non é tan forte coma John-John, nin ten o olfacto de Odín, pero ten un corazón sabio.

HUMANO I.- Hai unha guerra no seu corazón. Unha metade di: “Entra por esa porta”-, outra di: “Non entres”. Apreciamos as súas dúbidas, e a súa capacidade de superar esas dúbidas. ¿Que vai facer, Enmanuel?

Tic-tac, tic-tac...

HUMANO II.- ¿Non se decata de que esta proba é para vostede, de que é a súa proba? ¿Vailles dar a razón a Odín e a John-John que pensan que non vale para este traballo?

Tic-tac, tic-tac...

ENMANUEL.- Xa o dixo vostede mesmo: se lle tocamos, xustificaremos a súa escura visión do mundo.

HUMANO III.- ¿Vai ter razón Odín, é vostede un mamalón?

ENMANUEL.- ¿En que nos distinguiremos, se non respectamos a lei?

HUMANO I.- Non nos ofenda, Enmanuel; amamos tanto a lei que, aínda que esa muller queira destruíla, facemos o máximo esforzo para tratala conforme á lei.

HUMANO II.- Pero para salvar a lei, pode ser necesario suspendela.

HUMANO III.- E unha decisión así, non se debe deixar nas mans de ninguén que non sinta un amor profundo pola lei. ¿A que non podemos confiar nese descerebrado de John-John nin nese cínico de Odín?

ENMANUEL.- Se lle tocamos gañaremos o seu odio, o dos seus irmáns, o dos seus amigos, e a violencia pecharanos nun círculo infernal que ha rematar na aniquilación de todos. Temos que lle ofrecer amizade e xustiza, non odio.

HUMANO I.- ¿Sabe como nos ve esa muller? Como monstros. Xa ten tomada a súa decisión, a esencial. Esa é a súa forza: sabe quen é o seu inimigo. Apostouno todo en contra nosa.

HUMANO II.- ¿E sabe por que? Porque a nosa vida é fermosa. O seu odio é o prezo da nosa felicidade. O seu soño, poñernos de xeonllos: ao goberno, ao parlamento, a cada un de nós. Quere facer dos nosos fillos os seus escravos.

ENMANUEL.- Se o que lles damos só é medo, non han descansar ata matarnos. Hobbes di: «Non hai nada máis perigoso que un home que se sente ameazado».

HUMANO III.- Non me veña con citas, Enmanuel, eu tamén sei moreas de citas. ¿Sabe o que dixo Napoleón sobre os guerrilleiros españois? “Contra os terroristas hai que loitar ao xeito dos terroristas”.

HUMANO I.- Estamos en guerra, pero, ¿contra quen? Non podemos velo, pero é o inimigo máis grande que teñamos combatido xamais. Pode estar en calquera sitio. Está entre nós.

ENMANUEL.- Non se trata só desa muller. Trátase de nós mesmos. Do que somos, do que queremos ser. Vostede o dixo: loitamos por valores.

HUMANO II.- A salvación de vidas inocentes, ¿non lle parece un valor importante? ¿Os dereitos desa muller, son máis valiosos que a vida dun inocente?

ENMANUEL.- ¿Está seguro de que esa muller non é inocente?

HUMANO III.- Non, Enmanuel, non estamos seguros. Claro que nos podemos trabucar, como se trabucan os xuíces, tamén eles castigan inocentes. Pero nós non somos xuíces, salvamos vidas. Tic-tac, tic-tac... Non é unha aposta alta de máis, poñer vidas en perigo só porque, en contra dos indicios dos que dispomos, esa muller, se cadra, non sexa culpable? Tic-tac, tic-tac...

ENMANUEL.- Está desarmada.

HUMANO I.- E, aínda así, combatemos en lexítima defensa.

ENMANUEL.- A civilización non pode sobrevivir á tortura. Non só están en xogo os dereitos desa muller. Tamén os de vostede, os de todos. Os dereitos humanos. A democracia,

HUMANO II.- ¿Que dereitos humanos ía haber sen nós?, ¿que democracia? Escolas, hospitais, estradas, todo depende de nós, tamén os dereitos humanos, e a democracia. Somos o corazón da democracia. Somos máis importantes que o parlamento, o parlamento non existiría sen nós.

HUMANO III.- Un día o amor á liberdade hase impoñer en todos os corazóns. Un día haberá unha humanidade sen inimigos. Estamos a traballar para que chegue ese día. ¿Razón ou sombra, progreso ou reacción, civilización ou barbarie? ¿En que bando está, Enmanuel?

ENMANUEL.- Non son máis ca un can.

HUMANO I.- É nada menos que un can. Nunca foi o can tan importante para a humanidade. Estamos a loitar contra animais.

ENMANUEL.- E han vencer se nos fan actuar como animais. Dígallo vostede, Casius. Axúdeme, Casius.

Casius cala. Pola porta A volve John-John, desorientado e angustiado. O Humano I acariña, fálalle ao oído.

HUMANO II.- Enmanuel, o seu tempo de reflexión acabou. Tome xa a súa decisión. Pero deixe que lle diga unha cousa: Kant non tería dúbidas.

John-John achégase á porta B. Enmanuelponse no medio.

ENMANUEL.- Kant di: “Non utilices a esa muller, é a humanidade o que está en xogo”. Kant di: “Gaña a esa muller para a humanidade”. Déixeme falar con ela. Atoparei as palabras. Fareina entrar en razón.

HUMANO III.- Enmanuel, mentres vostede lle ofrece amizade, mentres acariña a súa fermosa conciencia, un inocente pode morrer. ¿Cantos está disposto a sacrificar? Sabela estaría viva se soubésemos que aquela bomba ía estar alí,... Pense nela, Enmanuel.

ENMANUEL.- Non deixo de pensar nela!.... Sei que a Sabela lle daría vergoña!

O Humano I aparta a Enmanuel.

HUMANO I.- Kant tería vergoña de vostede. Kant estaría orgulloso de nós. Traballamos para que a xente poida ler a Kant, ir ao teatro e vivir en liberdade. Mais a liberdade ten un prezo. Ese prezo pagámolo nós. E seguiremos pagándoo ata que chegue a paz ao mundo e aos nosos corazóns. É o noso soño: a paz perpetua.

Entra el só, pola porta B. Os cans oulean.

FINAL.